

SORTEO MENSUAL DE PRODUTOS EN GALEGO ORGANIZADO POR PUNTOGAL E AGASALLO

BASES

1. ORGANIZACIÓN E OBXECTO DA PROMOCIÓN

PuntoGal e Agasallo (proxecto da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua) lanzan unha iniciativa para a promoción de produtos en galego, que se materializará na selección e sorteo mensual dun lote de produtos que empreguen o noso idioma no seu contido, comercialización ou márketing.

2. FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

2.1. O sorteo funcionará a partir dunha publicación ou chío nas redes sociais (Facebook, Instagram e Twitter) das entidades organizadoras no que se describirá o premio do mes en curso así como o prazo de participación

2.2. As persoas que queiran entrar no sorteo deberán:

1. Seguir, polo menos, unha das redes sociais de PuntoGal e outra de Agasallo.
2. Compartir e darlle a *Gústame* á publicación ou chío en cuestión.
3. Só é preciso participar nunha das tres redes, aínda que facelo en varias está permitido e pode facer medrar as posibilidades de gañar.

2.3 O sorteo realizarase de xeito mensual entre os meses de abril e decembro de 2023.

2.4. Tanto o sorteo como os nomes das persoas gañadoras publicaranse nas redes sociais das entidades organizadoras.

2.5. Elixiranse suplentes para todos os lotes. A organización poñerá en contacto coas persoas gañadoras mediante as redes sociais ou por

correo electrónico desde info@dominio.gal. Para recibir o premio será preciso comunicar un enderezo postal. En caso de que as persoas premiadas non respondan en 48 horas cos seus datos postais, adxudicarase o lote ao correspondente suplente.

2.6. As persoas que resulten gañadoras dun lote non poderán participar no resto dos sorteos desta promoción (ata decembro de 2023).

3. CONDICIÓN XERAIS

3.1. A organización resérvase o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorra causa xustificada.

3.2. En ningún caso será posible substituír o premio polo seu valor económico nin poderá enviarse a unha persoa distinta da gañadora.

3.3. A participación está vedada aos membros das dúas entidades e ás súas directivas.

3.4. Unha comisión integrada por membros de PuntoGal e Agasallo será a encargada de resolver calquera dúbida sobre o sorteo, tendo a última palabra sobre os lotes e os procedementos. A organización resérvase o dereito a declarar o sorteo deserto.

3.5. A participación no sorteo implica a aceptación das presentes bases.

4. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos das persoas participantes serán tratados de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na normativa europea no Regulamento (UE) 2018/1725 (RGPD).

Responsable do tratamento: Asociación PuntoGal.

O fin do tratamento derívase do contido e está lexitimado polos Estatutos da Asociación e os fins por ela perseguidos, en relación co art. 6.1. f) do RXPDP, e de acordo co disposto no artigo 22.1 da LSSI.

Os datos proceden da persoa interesada, outras persoas da súa empresa ou colaboradores, fontes de acceso público e a axenda corporativa, e son o enderezo de correo electrónico e outros datos de contacto proporcionados.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para manter o fin do tratamento e, cando xa non sexa necesario, manterase durante o prazo legal para o cumprimento de obrigas e atención de responsabilidades. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten á persoa interesada: Dereito a retirar o consentimento en calquera momento, así como o dereito de acceso; rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos; dereito á limitación ou oposición ao seu tratamento; e dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de control (i.gal/d) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Asociación PuntoGal, Rúa Mestranza, 9, 15001, A Coruña ou info@dominio.gal.